



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 de setembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

### **PRESIDE**

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

#### Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 4 de setembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28/08/2017, que se aprobou por unanimidade.

## ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

### **PRP2017/3909**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **TRADESEGUR** o subministro dun analizador de drogas, por un importe total de 6.534,00 € (IVE incluído), que inclúe analizador portátil, kit para análise de drogas en saliva (100 unidades de recolección de saliva) e un curso básico de formación, con cargo ás seguintes partidas:

- 132.62300: 4.235,00 € (Proxecto 2) nº 01/35/2017.
- 132.212: 2.299,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2017/3910**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para reparación do vehículo IVECO 0189FMB, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 1.464,51 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2017/3913**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL SLU** para o subministro de boias de balizamento, por un importe total de 9.869,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.62300 (Proxecto 2) nº 01/34/2017.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/3914**

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do vehículo matrícula PO1813AU adscrito ao Departamento de Camiños Veciñais, por un importe total de 758,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/3915**

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar S.L.** para a reparación do vehículo-dumper, matrícula PO-3988-BDH adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 3.124,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/3916**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia S.A.U.** para subministro dunha escaleira para os bombeos, para reposición da actual, por deterioro da mesma, por un importe total de 326,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/3917**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Carlos Antonio González Díaz**, solicitando autorización para a realización de concertos ao aire libre na Praza Martín Gómez Abal e Rúa Juan García os venres de setembro, en horario de 21:00 a 01:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para a celebración dos concertos, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
  - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
  - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- En canto á solicitude para instalación dun palco para os concertos dos días 8 e 22 de setembro, non é posible acceder ao solicitado.

#### **PRP2017/3918**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Martín Millán Torrado**, solicitando autorización para a realización dunha actuación musical o día 29 de agosto de 2017, ás 20:30 horas na Praza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
  - Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
  - Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
  - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
  - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Faise constar que a citada actuación non se levou a cabo.

#### **PRP2017/3944**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Danner Boots, S.L.U.** para o subministro de uniformidade policial para a unidade ciclista, por un importe total de 1.561,63 € (IVE engadido), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2017/3919**

Dáse conta do escrito presentado por D. Cesar Muíño Fidalgo, en representación de **Universal Prevención y Salud, Sociedad e Prevención (UNIPRESALUD)** solicitando a revisión de prezos do contrato do servizo de prevención de riscos laborais para o ano 2017, fixando un importe de 23.562,48 € para o ano 2017.

Visto o informe do Negociado de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a revisión/regularización de prezos do contrato para a prestación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais solicitada, sendo o novo prezo do contrato para o ano 2017 de 23.562,48 € (IVE engadido) (62,16 € traballador/ano), tendo en conta:

- Prezo individual aprobado para o ano 2016: 62,16 €
- IPC grupo 12 Outros bens e servizos, a decembro 2016: 1,9%



- Prezo individual para o ano 2017 (61,16 + 1,9%): 63,34 €
- Media traballadores 2016, conforme TC,s 2 do Concello) 372,00
- Prezo total para o ano 2017 (372,00 x 63,34) 23.562,48 €

Acórdase así mesmo reiterarlles que para os vindeiros anos, e no caso de prórroga do contrato:

1. Tomarase como referencia, conforme ao contrato no seu día asinado, a variación do I.P.C. no que se refire ós servizos, así como a media mensual de traballadores do ano anterior.

2.- **Deberán solicitar a revisión de prezos dentro do ano natural a que corresponda, e preferentemente no primeiro trimestre.**

3.- Que polo servizo de Contratación do Concello, dada a duración do contrato e prórrogas tácitas, se proceda á licitación do servizo polo procedemento que corresponda.

(Partida 221.22718)

## **Emprego**

### **PRP2017/3924**

Dáse conta de Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de subvención, por importe global de 279.959 €, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro de emprego denominado O.E. FORME 17 CONCELLO DE VILAGARCIA (Exp. 36/00001/2017), para 20 alumnos/as traballadores/as, para as seguintes especialidades:

- Operacións de fontanería, calefacción e climatización (10 alumnos).
- Traballos de carpintería e moble (10 alumnos).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2017/3925**

Dáse conta de Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de subvención, por importe global de 140.188,65 €, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego O.E. Labor@ Xove 2017 (Exp. 36/00029/2017), dirixido a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para 15 alumnos/as traballadores/as, para as seguintes especialidades:

- Actividades auxiliares deportivas (7 alumnos)
- Socorrismo en espazos naturais e instalacións (8 alumnos)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2017/4028**

Dáse conta de proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización das obras comprendidas no proxecto de "Acondicionamento de espazos e instalacións para comedor escolar no CEIP O Piñeiriño", por un importe de 75.000 €, dos que o Concello deberá financiar 35.000 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do mesmo, quedando condicionada a achega municipal á entrada en vigor da modificación de créditos aprobada polo Pleno da Corporación Municipal de data 31 de agosto de 2017.



## **Sanidade**

### **PRP2017/3926**

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SOCOMOR, S.A.** para o subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 527,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2017/3928**

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a contratación do grupo de Gaitas e Baile Asociación Cultural Nós de Sobradelo, con motivo do acto da Triple Coroa Illas Atlánticas, o día 2 de setembro, por un importe total de 391,00 €, con cargo á partida 432.22612.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

### **PRP2017/3929**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Raquel González S.L.** para a realización de actividades infantís, denominada “Entre lusco e fusco”, co fin de dinamizar a volta ao Cole (obradoiros, pistas americanas, globoflexia, etc) que se vai levar a cabo os días 5, 6 e 7 de setembro na Praza da II República, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2017/3930**

Vista a solicitude de D. Victor Vázquez Saavedra, en representación de **Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN)** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 7 e 8 de novembro, para a representación do espectáculo LABERINTO, dirixida a escolares de 4º, 5º e 6º de primaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de Seguro de Responsabilidade civil e sinistros, así como copia do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2017/3931**

Vista a solicitude de D. Germán Torres de Aboal, como Director de **Cáritas parroquial Santa Baia de Arealonga** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 13 de outubro, durante todo o día, para a celebración do V FESTIVAL SOLIDARIO”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de Seguro de Responsabilidade civil e sinistros, así como copia do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa impresión de entradas (754), 20 carteis, programas de man e rolda de prensa.

Dar conta á Área de Comunicación Social.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2017/3932**

Dáse conta de acordo da Deputación Provincial de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa ó abeiro do Plan Concellos 2017, Liña 1, por importe de 353.593,18 € con destino ó financiamento do investimento “Humanización da Praza de Galicia e un tramo de Padre Feijoo” (expte. 2017036794).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/3933**

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación das obras de “Substitución de material de cobertura en Escola Infantil Municipal Bonecos”, cun orzamento de execución (IVE engadido) de 58.806,04 €, , e das ofertas presentadas, seguintes:

- Construcciones Piñyfer, S.L., que ofrece o prezo de 52.385,20 €(IVE incluído).
- Construcciones Metálicas Arosa, S.L., que ofrece o prezo de 55.865,70 € (IVE incluído).
- Bepi Construcciones, S.L., que ofrece o prezo de 58.806,04 € (IVE incluído).
- Construcciones Jacinto Vidal, S.L., que ofrece o prezo de 86.033,42 € (IVE incluído)

Vista a proposta da Concelleira de urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Rexeitar a proposta presentada polo licitador Construcciones Jacinto Vidal, S.L., ao ofertar un prezo que supera o orzamento de licitación do contrato, e polo tanto excluído da licitación.

2.- Adxudicar á Empresa **Construcciones Piñyfer, S.L.** o contrato das obras de Substitución de material de cobertura en Escola Infantil Municipal Bonecos, polo importe ofertado de



43.293,55 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.091,65 €, o que totaliza unha oferta de 52.385,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.63200, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Proxecto 2 nº 01/57/2017)

#### **PRP2017/4031**

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación das obras de “Desvío de canalizacións no entorno da Rúa Miramar, Vilaxoán”, cun orzamento de execución (IVE engadido) de 150.000,00 €, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo, SLU., que ofrece o prezo de 148.125,01 € (IVE incluído).
- Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L., que ofrece o prezo de 148.850,80 € (IVE incluído).
- Construccións, Obras e Viais, S.A., que ofrece o prezo de 149.625,01 € (IVE incluído).

Vista a proposta da Concelleira de urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á Empresa **Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo, S.L.U.** o contrato das obras de Desvío de canalizacións no entorno da Rúa Miramar, Vilaxoán, polo importe ofertado de 122.417,36 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 25.707,65 €, o que totaliza unha oferta de 148.125,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.61900, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Proxecto 4 nº 01/02/2017)

2.- Nomear directores de obra ao Arquitecto D. Iago Fernández Puentes e ao Enxeñeiro Técnico Industrial, ao Servizo do Concello, D. Oscar Álvarez González.

#### **PRP2017/4032**

Dáse conta de informe do Encargado de Obras en relación coa urxente necesidade de reposición de dous vehículos para o citado Servizo, a fin de poder desenvolver o traballo do mesmo de forma correcta e solicitados orzamentos a diversos concesionarios, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor de subministro de dous vehículos para o Departamento de Obras a **Ibercar Gestoso S.L.**, por un importe total de 21.780,00 €, con cargo á partida 453.62400:

- 1.- Dacia Dokker, 1.6 -75KW (102 cv) GLP, con bluetooth, baca, gancho de remolque e rotulados cos distintivos do Concello, por un importe de 11.280,00 € (IVE incluído).
- 2.- Dacia Dokker, 1.6 -75KW (102 cv) GLP, con bluetooth e rotulados cos distintivos do Concello, por un importe de 10.500,00 € (IVE incluído).

#### **PRP2017/4035**

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto denominado “Mellora de accesibilidade nas travesías Alejandro Cerecedo”, redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata de 99.999,99€.

Solicitar, ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á convocatoria para os anos 2017-2018 (DOGA 9 de agosto de 2017), así como a aceptar as condicións e os requisitos establecidos na citada orde e demais normativa aplicable e comprométese a cofinanciala.

As características da actuación segundo o anexo II da Orde do 21 de xullo citada, son:

Natureza: En espazo público

Tipoloxía: Obra



Período de execución material polo que se opta: do 1 de decembro de 2017 a 31 de outubro de 2018, iniciándose, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2017.

Prazo concreto de execución material (previsto): do 15 de decembro de 2017 ao 15 de marzo de 2017.

Orzamento total (IVE engadido): 99.999,00€

#### **PRP2017/4047**

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma del licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), do contrato menor por razón da contía denominado "Instalación de dúas estufas de aire de biomasa na Casa de Cultura de Faxilde, con invitación ás seguintes empresas: Calefacciones Millán, Edeco Energías, D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez e Instalaciones Ecovila. presentándose as seguintes ofertas:

- Calefacción y Fontanería Millán, S.L., que ofrece:
  - Planta baixa, unha estufa por importe de 3.140,00 € (IVE incluído).
  - Planta alta, unha estufa por importe de 5.590,00 € (IVE incluído).
- D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez, que ofrece:
  - Planta baixa, unha estufa por importe de 3.148,78 € (IVE incluído).
  - Planta alta, unha estufa por importe de 5.467,02 € (IVE incluído).
- Instalaciones Ecovila, S.L., que ofrece:
  - Planta baixa, unha estufa por importe de 3.059,50 € (IVE incluído).
  - Planta alta, unha estufa por importe de 5.397,00 € (IVE incluído).
- Edeco Energías, que ofrece un orzamento conxunto para as dúas estufas por importe de 8.349,00 € (IVE incluído).

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de dúas estufas de aire de biomasa na Casa de Cultura de Faxilde, á empresa **Edeco Energías, S.L.**, por importe (IVE excluído) de 6.900,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.449,00 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 8.349,00 €, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Partida 334.63200)

#### **PRP2017/4048**

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma del licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), do contrato menor por razón da contía denominado "Instalación dunha estufa de aire de biomasa na Casa de Cultura de Fontecarmoa, con invitación ás seguintes empresas: Calefacciones Millán, Edeco Energías, D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez e Instalaciones Ecovila. presentándose as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE (21%)	Oferta IVE incluído
Calefacción y Fontanería Millán, S.L.	6.024,79 €	1.265,21 €	7.290,00 €
D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez	6.025,50 €	1.265,36 €	7.290,86 €
Instalaciones Ecovila, S.L.	5.957,38 €	1.251,05 €	7.208,43 €
Edeco Energías, S.L.	5.830,00 €	1.224,30 €	7.054,30 €

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato menor de subministro dunha estufa de aire de biomasa na Casa de Cultura de Fontecarmoa, á empresa **Edeco Energías S.L.** por importe (IVE excluído) de 5.830,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.224,30 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 7.054,30 €, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Partida 334.63200)

#### **PRP2017/4049**





Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma de licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), do contrato menor por razón da contía denominado “Instalación dunha estufa de aire de biomasa na Casa de Cultura de Galáns, con invitación ás seguintes empresas: Calefacciones Millán, Edeco Energías, D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez e Instalaciones Ecovila. presentándose as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE (21%)	Oferta IVE incluído
Calefacción y Fontanería Millán, S.L.	5.884,30 €	1.235,70 €	7.120,00 €
D. Juan Carlos Rodríguez Rodríguez	5.830,00 €	1.224,30 €	7.054,30 €
Instalaciones Ecovila, S.L.	5.720,50 €	1.201,30 €	6.921,80 €
Edeco Energías, S.L.	5.617,00 €	1.179,57 €	6.796,57 €

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato menor de subministro dunha estufa de aire de biomasa na Casa de Cultura de Fontecarmoa, á empresa **Edeco Energías S.L.** por importe (IVE excluído) de 5.617,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.179,57 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 6.796,57 €, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Partida 334.63200)

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.